



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

**ASUNTO:** EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO PARA DIFERENTES PUNTOS DE CONSUMO NOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

**EXPEDIENTE:** 133/2024

### ANTECEDENTES:

1.- A Xerencia, en cumprimento do artigo 28 e 116.4 en concordancia co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e o artigo 16.2.f) dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formula memoria xustificativa da necesidade da realización a contratación do subministro eléctrico para os diferentes puntos de consumo nos parques de bombeiros deste Consorcio.

2.- Incorpóranse ao expediente sendos informes emitidos pola secretaria-interventora sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar e sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

3.- A Presidencia, mediante Resolución de data 30-07-2024, n.º 2024-0114, RESOLVE:

*"1º.- Iniciar o expediente para a contratación de subministro eléctrico para os diferentes puntos de consumo nos parques de bombeiros deste Consorcio, mediante o procedemento aberto simplificado, regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; ao concorrer os requisitos esixidos no mesmo.*

*2º.- Considerar motivada a celebración deste contrato na memoria xustificativa emitida pola Xerencia, que ten por finalidade o subministro permanente de enerxía eléctrica para garantir o normal funcionamento das distintas dependencias, maquinaria e dos medios de traballo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.*

*3º.- Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*4º.- Que por Secretaría-Intervención se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización do gasto.*

*5º.- De ser favorable a fiscalización, que se emita informe-proposta de Secretaría-Intervención respecto diso.*





6º.- *Dar conta de todo o actuado á Presidencia para resolver o que proceda.*"

4.- Incorporárase ao expediente o Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e Prego de Prescripcións Técnicas que rexerán esta contratación mediante procedemento aberto simplificado, informe de fiscalización previa e de retención de crédito.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

**Primeiro.** De conformidade co sinalado na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o artigo 14 do Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, procede a aprobación deste expediente pola Presidencia.

**Segundo.** Segundo establece o artigo 116 da LCSP, a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e ao que se incorporará o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que teñan que rexer o contrato e así mesmo deberá incorporar o certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da intervención.

**Terceiro.** Engadindo o artigo 117 do devandito texto legal que, completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

**Cuarto.-** Dadas as características desta subministración e visto que se trata dun contrato non suxeito a regulación armonizada, estímase que o procedemento máis adecuado para a súa adxudicación é o procedemento aberto simplificado, un único criterio de adxudicación relacionado cos custos, de conformidade co disposto nos artigos 146.1 e 159.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A vista da documentación que integra o expediente e do informe-proposta da secretaria-interventora, e de conformidade co establecido no artigo 14.11 do Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta Presidencia

#### **RESOLVE:**

1º.- Aprobalo expediente de contratación de subministro eléctrico para os diferentes puntos de consumo nos parques de bombeiros deste Consorcio, segundo as características definidas no Prego de condicións técnicas e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e anexos, que rexerán nesta contratación, mediante o procedemento aberto simplificado, regulado no artigo





159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e un único criterio de adxudicación baseado nos custos, de conformidade co disposto no artigo 148 no devandito texto legal; ao concorrer os requisitos esixidos nos mesmos, sendo a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Consorcio; convocando a súa licitación.

2º.- Aprobar o gasto que supón esta contratación para o exercicio 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 1360.22100 de gastos do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, na que existe crédito e coa seguinte distribución por anualidades de compromiso de gasto:

|                           | 2 meses      | 12 meses     | 12 meses     | 10 meses     |             |
|---------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------|
| APLICACIÓN PRESUPUESTARIA | CRÉDITO 2024 | CRÉDITO 2025 | CRÉDITO 2026 | CRÉDITO 2027 | SUBTOTALI   |
| <b>1360.22100</b>         | 5.026,34 €   | 30.158,14 €  | 30.158,14 €  | 25.131,80 €  | 90.474,42 € |

Ao afectar a súa execución á anualidade 2025 e sucesivas, a execución das sucesivas anualidades queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na respectiva anualidade e as sucesivas prórrogas do contrato.

3º.-Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares Anexos e o Prego de Condicións Técnicas que rexerán nesta contratación.

4º.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=nxuFHTKCCNXzAq95uGTrDQ%3D%3D&pestanyaLicitaciones=f0%2FnI6E8oEQ%3D>

5º.- Publicar no perfil de contratante a memoria xustificativa do contrato, resolución de aprobación do expediente, Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescripcións Técnicas; tendo en conta que a documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Manda o Sr. presidente D. Luis López Dieguez e asina coa secretaria-interventora D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

